

RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE SETEMBRO DE 2017 POLA QUE SE ENCOMENDA Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA A ORGANIZACIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA, A TRAVÉS DO CENTRO DE LINGUAS, DE CURSOS DE FORMACIÓN EN IDIOMAS A ALUMNOS ESTRANXEIROS DA UDC

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Segundo o artigo décimo terceiro dos Estatutos da Fundación da Universidade da Coruña (en adiante FUAC) a FUAC é un medio propio e servizo técnico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), considerándose á relación da FUAC coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encomendas de xestión, de conformidade co previsto no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público (LCSP).

SEGUNDO. A FUAC ven encargándose da xestión delegada do Centro de Linguas da UDC, centro que organiza, xestiona e imparte a formación lingüística a persoas que fan parte da comunidade universitaria ou da sociedade en xeral.

TERCEIRO. A UDC precisa a impartición de diversos cursos de Español para estudantes provenientes de China e Vietnam conforme á seguinte

ENCOMENDA DE XESTIÓN

PRIMEIRO. A presente encomenda de xestión baséase no artigo 24.6 do texto refundido la LCSP tendo polo polo tanto un carácter obrigatorio para a FUAC quen deberá aceptala e executala conforme ás instrución dadas dende á Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación canto á interpretación dos traballos encomendados e o seu seguimento.

SEGUNDO. Conforme á normativa da UDC, a presente encomenda é competencia da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.

TERCEIRO. As actuacións a realizar pola FUAC obxecto da presente encomenda son os descritos como ANEXO I, documento que fai parte integrante e inseparable da propia encomenda.

A FUAC a través do Centro de Linguas da UDC será a responsable da calidade técnica do contido da encomenda a desenvolver.

CUARTO. O orzamento para a execución da presente encomenda ascende a OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS DEZ EUROS (83.310 €). Consonte a Lei 28/2014, que modifica a Lei 37/1992 do 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), a contía derivada das encomendas baseadas nos artigos 4.1 e 24.6 do TRLCSP non están suxeita ao IVE.

QUINTO. O pagamento da cantidade estipulada realizarase previa xustificación das tarefas executadas e do gasto realizado.

Dita xustificación incluirá:

- Tarefas realizadas. Serán xustificadas coa sinatura das correspondentes follas de asistencia das persoas asistentes.

Código Seguro De Verificación	81VR42ClYnsc0Aw7BQr7MA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	01/09/2017 14:17:58
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/81VR42ClYnsc0Aw7BQr7MA==		



- Gastos Directos. Representarán o 85% da contía indicada e poderán estar formados por facturas ou honorarios externos á FUAC ou gastos de profesorado propio. Os gastos de honorarios deberán facer referencia á actividade encomendada. Os gastos de persoal xustificaranse coas correspondentes dedicacións e custos laborais. Serán elixibles todos os custos vinculados á realización dos cursos.
- Gastos Xerais. Da contía indicada, e conforme a encomenda xeral de servizos da UDC á FUAC, o importe dos gastos xerais será do 15% do total do importe, desglosado tal como se indica de seguido:
 - 7,5% para a secretaría técnica e coordinación dos cursos por parte do Centro de Linguas da UDC.
 - 2,5% para as tarefas de xustificación e xestión documental da actuación, por parte do Centro de Linguas da UDC ou da FUAC segundo o requira a Dirección do Centro de Linguas da UDC.
 - 5% para a xestión económica por parte da FUAC.

Os gastos xerais indicados até o 15% non requirirán xustificación.

Adicionalmente a FUAC emitirá unha certificación asinada pola Dirección do Centro de Linguas da UDC e da Xerencia da FUAC indicando os custos incorridos e a realización correcta da actividade encomendada. Esa xustificación será remitida en prazo e forma á Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.

SEXTO. A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre á realización dos traballos da encomenda.

SÉTIMO. A presente encomenda quedará condicionada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da UDC para 2017.

OITAVO. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio que o permita o desenvolvemento das actuacións encomendadas, a FUAC empregará o galego, podendo utilizar para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

NOVENO. En ningún caso a realización da encomenda suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a FUAC e o persoal do Centro de Linguas.

DÉCIMO. A vixencia da presente encomenda rematará cando as actuacións obxecto da presente encomenda sexan realizadas e debidamente xustificadas, en todo caso antes do 31 de decembro do 2017. A presente encomenda non poderá ser prorrogada.

UNDÉCIMO. Corresponde á UDC á interpretación da presente encomenda e a resolución das discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado, o reitor da UDC

RESOLVE

PRIMEIRO. Encomendar á FUAC as actuacións referidas no apartado SEGUNDO da presente encomenda relacionadas coa impartición de cursos a persoas provenientes de China-Vietnam.

Código Seguro De Verificación	81VR42ClYnsc0Aw7BQr7MA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	01/09/2017 14:17:58
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/81VR42ClYnsc0Aw7BQr7MA==		



SEGUNDO. O orzamento para ditas actuacións ascende á cantidade de OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS DEZ EUROS (83.310 €). Esta cantidade non esta suxeita a IVE e se financiará con cargo a aplicación orzamentaria: 0800080023 422D 22606.

A Coruña, 1 de setembro de 2017

O reitor da Universidade da Coruña

Julio Ernesto Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	81VR42ClYnsc0Aw7BQr7MA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	01/09/2017 14:17:58
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/81VR42ClYnsc0Aw7BQr7MA==		



ANEXO I

ACTUACIÓNS ENCOMENDADAS Á FUAC

A través do presente documento, a UDC encomenda á FUAC a organización e xestión económica dos seguintes cursos a través do Centro de Linguas da UDC:

- Curso intensivo de español de 700 hr para 12 persoas provenientes de China-Vietnam.
- Curso intensivo de español de 500 hr (grupo 1) para 9 persoas provenientes de China-Vietnam.
- Curso intensivo de español de 500 hr (grupo 2) para XXX persoas provenientes de China-Vietnam.

Ditos cursos celebraranse dentro do periodo outubro 2016-décembro xuño 2017.

Código Seguro De Verificación	81VR42ClYnsc0Aw7BQr7MA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	01/09/2017 14:17:58
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/81VR42ClYnsc0Aw7BQr7MA==		

